



**RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE CINCO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.**

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, polo sistema de promoción interna, de cinco prazas de auxiliar administrativo da escala da administración xeral (Grupo C, subgrupo C2), incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 50, de data 12 de marzo de 2020, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporacións aos seus traballos de asesores especialistas que para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Dado o carácter técnico da proba a realizar, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento do amentado exercicio.

Xa que logo, esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

**RESOLVE**

**Primeiro.**- Designar, en calidade de membro auxiliar, para a realización do segundo exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día.

**Segundo.**- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.

